BIBLIOTECA ESCOLAR
GUÍA DE LECTURA

PARA PRACTICAR FRANCÉS e...

Podes perfeccionar o teu francés lendo os novos libros adaptados a diferentes niveis. ***Le mouron Rouge, Le secret de Louise, La Parure, ArsèneLupin, le bouchon de cristal***

Novidades 2º trimestre

INGLÉS

En inglés dámosche a posibilidade de que escollas entre moitos títulos adaptados ao teu nivel:***The beauty game, London, The Norwood mystery, The picture of Dorian Gray,Ghost stories, Gulliver's travels, Five short plays, A ghost collection, Tales of Arabian nights, Housemates, The street Lawyer...***

PARA ADULTOS

Stieg Larsson, La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina. Segundo volume da triloxía *Millenium. Neste libro o protagonista ten entre mans unha reportaxe sobre o tráfico e a prostitución de mulleres procedentes do Leste.*



EN IMAXES

"Mafalda colección completa " de Quino.

Mafalda, pero tamén Felipe, Susanita, Miguelito, Manolito... e a sopa. O universo da criatura máis transgresora (e querida) nacida da mente de Joaquín Salvador Lavado, Quino, A colección completa das súas tiras en once tomos cheos de inconformismo e humor intelixente.

Stieg Larsson, La reina en el palacio de las corrientes de aire. Último libro da triloxía incide na liña argumental que se empeza a trazar no segundo libro desta serie.

I.E.S. Lama das Quendas

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas



Dan Brown, O símbolo perdido. Último libro do autor de O código Da Vinci . É un thriller no que conta historias repletas de códigos e intrigas. Tecendo cinco anos de pesquisas sobre a historia, pasada na capital dos Estados Unidos, e nun período de apenas doce horas.

Ken Follet, Los pilares de la tierra. É a obra mestra de Ken Follett e constitúe unha excepcional evocación dunha época de violentas paixóns. Transpórtanos á Idade Media, a un fascinante mundo de reis, damas, cabaleiros, pugnas feudais, castelos e cidades amuralladas. O amor e a morte entrecrúzanse vibrantemente.neste maxistral libro.

Ken Follet, **Un mundo sin fin.** A continuación de Los Pilares de la tierra.O día despois de Halloween de 1327, catro nenos atópanse durmindo ás portas da catedral de Kingsbridge. Trátase dun ladrón, un matón, unha nena prodixio e unha rapaza que quere ser doutora. Non obstante, esa noite.as súas vidas quedarán marcadas para sempre por aquilo que ven no bosque: os cadáveres de dous homes asasinados.

Ildefonso Falcones, La mano de Fátima. Do autor de La catedral del mar O libro relata a apaixoante historia dun xove morisco na.Andalucía do século XVI, atrapado entre dúas relixións e dous amores, na busca da súa liberdade e a do seu pobo

PARA TODOS



Domingo Villar, Ollos de auga. Na torre da illa de Toralla, en plena ría de Vigo, aparece o cadáver dun saxofonista. O asasinato, dunha crueldade e sangue frío inusitados, vai ser investigado por Leo Caldas, inspector de policía que compaxina o seu traballo na comisaría cun consultorio radiofónico.

Domingo Villar, A praia dos afogados. Villar leva ao lector ao mundo da Galicia mariñera, desde as praias das Rías Baixas ata a paisaxe urbana de Vigo.Introdúcenos nunha intriga que parte do achádego do cadáver dun mariñeiro nunha praia da ría de Vigo coas mans atadas cunha brida de plástico.

Agustín Fernández Paz, Lúa do Senegal. Aborda o tema da emigración, ese drama que supón abandonar o propio país e marchar a outro para poder traballar e vivir con dignidade.

PARA EDUCADORES

Javier Pérez Soriano, Manual de prevención Docente.Riesgos laborales en el sector de la enseñanza. Un libro que pretende fomentar a cultura preventiva entre o profesorado.Inclúe o desenvolvemento de pautas específicas para o profesorado usuario de talleres, laboratorios, educación física, aulas T.I.C....